



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 814 Semana do 31 de decembro de 2018 ao 6 de xaneiro de 2019

SÓ O 8,62 POR CENTO DA CONTRATACIÓN EN GALICIA É INDEFINIDA E A TAXA DE COBERTURA SEGUE EN MÍNIMOS**A ESTACIONALIDADE, A ROTACIÓN E A BAIXA CALIDADE DAS CONTRATACIÓNS NON LOGRA MAQUILLAR AS EIVAS DO MERCADO LABORAL GALEGO**

Redacción.- A estacionalidade, a rotación e a baixa calidade das contratacións non logra maquillar as eivas do mercado laboral galego

Só o 8,62 por cento da contratación en Galicia é indefinida e a taxa de cobertura segue en mínimos

Santiago, 3 de xaneiro de 2019.- Despois de sete meses con máis dun millón de afiliados/cotizantes á Seguridade Social, hai un certo asomo de consolidación da recuperación do mercado laboral. O desemprego acércase a niveis do ano 2007, pero

con moitas eivas na calidade do emprego: desemprego aínda en cifras elevadas, temporalidade na contratación, fenda por sexos, estacionalidade, etc.

Datos de desemprego

En Galicia cae o paro no mes de decembro nun 0,6 por cento, aínda que non coa intensidade como sucede no Estado, onde o fai caendo nun 1,55 por cento. Así, remata o ano con 169.295 persoas desempregadas en Galicia, 1.074 menos que no mes anterior. Pola súa banda, no Estado

hai 3.202.297 persoas desempregadas, o que representa unha contracción de 50.570 persoas desempregadas.

Se temos en conta a variación interanual, hai en Galicia unha contracción do 8,5 por cento, é dicir, 15.718 persoas desempregadas menos e, neste caso, cunha contracción moito maior que na media estatal, onde foi do 6,2 por cento (210.484 persoas desempregadas menos).

O desemprego en Galicia ten sexo feminino

Por sexos, aínda que hai unha peor evolución do desemprego nos homes, xa que neles aumenta no mes nun 1,5 por cento, nas mulleres o desemprego cae nun 2,2 por cento. Isto é unha clara consecuencia da evolución do desemprego nos sectores masculinizados e feminizados, xa que o paro medra na Construción nun 6,1 por cento e na Industria, que medra nun 4,4 por cento. Por contra, nos sectores máis feminizados, como Servizos (Comercio, Hostalería, etc.), o desemprego cae nun 1,97 por cento. Aínda así, seguen en peor posición as mulleres que os homes, hai unha fonda brecha por sexos no desemprego, o 56,7 por cento do total é paro feminino. As cifras falan por si mesmas, hai 73.383 ho-

	Decembro	Variación mes	Variación interanual
2008	189.903	5,0	22,5
2009	222.839	2,8	17,3
2010	237.313	2,4	6,5
2011	258.234	1,9	8,8
2012	278.787	0,8	8,0
2013	271.063	0,1	-2,8
2014	251.918	1,3	-7,1
2015	228.808	1,6	-9,2
2016	205.914	1,2	-10,0
2017	185.013	-1,2	-10,2
2018	169.295	-0,6	-8,5

mes e 95.912 mulleres desempregadas en Galicia.

O desemprego tamén cébase nos mozos e mozas, aínda que mellora

Na nosa Comunidade son 7.858 desempregados mozos e mozas menores de 25 anos. É certo que cae o desemprego no mes, nun 9,44 por cento, cunha evolución moito máis acusada que no conxunto de idades. No ano tamén ten unha caída máis acusada que no conxunto de idades, nos menores de 25 anos diminúe 9,8 por cento.

A estacionalidade afecta ao paro por sectores

	Paro total	Agricultura / Gandería	Industria	Construción	Servizos	Sen emprego anterior
2018 Decembro	169.295	6.583	19.693	14.963	113.949	14.107
Variación absoluta mes anterior	-1.074	195	824	860	-2.295	-658
Variación relativa	-0,63	3,05	4,37	6,10	-1,97	-4,46
Variación absoluta mesmo mes del ano anterior	-15.718	-409	-2.251	-3.177	-8.487	-1.394
Variación relativa	-8,5	-5,8	-10,3	-17,5	-6,9	-9,0

Ao analizar por sectores de actividade prodúcese unha evolución desigual, compárase que medra con contundencia no mes na Construción, o 6,1 por cento, e na Industria, o 4,4 por cento, tamén no Sector Primario, cun aumento do 3,1 por cento. Cae, polo contrario, e influindo no total, xa que aporta e compensa o aumento dos restantes sectores, nos Servizos, cunha caída do 1,97 por cento (2.295 persoas desempregadas menos) e no colectivo Sen Emprego Anterior cunha caída do 4,46 por cento.

En termos anuais, o descenso é acusado no conxunto de actividades, con porcentaxes moi elevadas de contracción na Construción, cunha diminución do 17,5 por cento e no grupo de Sen Emprego Anterior, no que cae nun 9 por cento. Tamén diminúe, pero con menor intensidade, o 6,9 por cento, nos Servizos e o 5,8 por cento no Sector Primario.-0,63

Contratación

Cos datos do mes de decembro compárase que se fixeron 72.251 contratos no mes, caendo con respecto ao mes anterior nun 14,42 por cento, pero medrando con respecto a un ano nun 1 por cento. No mes caen tanto a contratación temporal como a indefinida.

A temporalidade na contratación segue a ser unhas das debilidades do noso mercado de traballo, xa que a porcentaxe de contratación indefinida en Galicia é só do 8,62 por cento.

A taxa de cobertura segue estando por debaixo da media de España, xa de por si moi baixa

O número de beneficiarios de prestacións en novembro foi de 87.611 persoas (último dato dispoñible). En Galicia a taxa de cobertura foi do 56,3 por cento, deixando fora do sistema de protección por desemprego a 82.758, tendo en conta tanto aos que teñen dereito a cobertura por desemprego como aos que non o xeraron previamente. No Estado a taxa de cobertura é superior no mes, do 59,9 por cento.

Na nosa Comunidade hai 40.313 persoas beneficiarias de prestacións por des-

emprego de carácter contributivo, tan só o 46 por cento do total, o que indica a alta precariedade na cobertura por desemprego, e cun importe medio de 789,8 euros (Contía media da prestación contributiva percibida por beneficiario, en euros/mes)

A gran maioría da cobertura dos desempregados en Galicia é de carácter asistencial, ben sexan de Subsidio (39.351 persoas), Renda Activa de Inserción (7.878 persoas perceptoras) ou Programa de Activación Emprego (69 persoas beneficiarias).

Afiliación á Seguridade Social

As persoas afiliadas/cotizantes á Seguridade Social en Galicia foron 1.006.107 no mes de decembro, cifra que cae con respecto ao mes anterior nun 0,37 por cento de diminución. Ista é unha evolución contraria á do Estado no mes, xa que en España a afiliación á SS medra nun 0,41 por cento (hai 19.024.165 afiliados/cotizantes).

En termos interanuais, en Galicia medra a afiliación nun 2,1 por cento, con 20.659 persoas máis, pero con menor incidencia que no Estado, onde o aumento foi do 3,06 por cento.

GALICIA	Decembro 2018	VARIACIÓN SOBRE			
		Mes anterior		Mesmo mes ano anterior	
		nº	por cento	nº	por cento
DESEMPREGO					
Nº desempregados rexistrados	169.295	-1.074	-0,6	-15.718	-8,5
* homes	73.383	1.082	1,5	-8.115	-10,0
* mulleres	95.912	-2.156	-2,2	-7.603	-7,3
Nº parados mozos < 25 anos	7.858	-819	-9,4	-852	-9,8
Nº desempregados por sectores*					
* agricultura	6.583	195	3,1	-409	-5,8
* industria	19.693	824	4,4	-2.251	-10,3
* construción	14.963	860	6,1	-3.177	-17,5
* servizos	113.949	-2.295	-2,0	-8.487	-6,9
* sen emprego anterior	14.107	-658	-4,5	-1.394	-9,0
Beneficiarios prestación por desemprego (novembro)	87.611				
Taxa de cobertura prestación por desemprego (novembro)	56,30				
Parados totais sen ningún tipo de prestación (novembro)	82.758				
CONTRATACIÓN					
Nº contratos	72.251	-12.176	-14,4	720	1,0
Nº contratos indefinidos (inclúe transformación de contratos en indefinidos)	6.228	-1.846	-22,9	863	16,1
Nº contratos temporais	66.023	-10.330	-13,5	-143	-0,2
AFILIACIÓN Á SEGURIDADE SOCIAL					
Nº afiliados/cotizantes (datos provisionais)	1.009.871	-3.764	-0,4	20.659	2,1

Fonte: Gabinete Económico Comisión Executiva UGT Galicia, a partir dos datos do Ministerio de Traballo, Migracións e Seguridade Social

TRABALLADORES DE ALCOA PIDEN MÁIS PRESIÓN PARA QUE AS SÚAS DEMANDAS SEXAN ATENDIDAS

Redacción.- Máis dun centenar de traballadores de Alcoa participaron hoxe na concentración convocada polo comité de empresa ante a sede da Xunta de Galicia en Santiago de Compostela para reclamar unha maior presión política que sirva para que a compañía acceda a atender as súas demandas en relación ao ERE extintivo que prevé aplicar nas súas factorías da Coruña e Avilés.

Os manifestantes, ataviados con camisetas reivindicativas de cor laranxa, protagonizaron unha sentada pacífica ás portas da sede do Goberno galego e, mentres esperaban ser atendidos polo presidente Alberto Núñez Feijóo ou polo conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde; entoaron diferentes consignas reivindicativas.



"Peché non, enerxía solución" foi a proclama máis coreada e tamén o lema escollido para a pancarta que presidía a protesta, na que se chegaron a empregar bengalas ou botes de fume. "A solución,

unha intervención", foi outra de consignas vociferadas polos participantes na protesta, que tamén incluíu un desafiante "Vémonos nas urnas" dirixido aos partidos políticos.

OS TRABALLADORES MATIZAN QUE AS NEGOCIACIÓNS SEGUEN ABERTAS

A FOLGA DA ZONA AZUL EN VIGO CHEGA AO SEU FIN DESPOIS DE 120 DÍAS DE PARO

Redacción.- Tras case catro meses de folga, os traballadores da empresa concesionaria da zona azul de Vigo, Dornier, puxeron fin ao parón ao chegar a un acordo coa mesma en relación aos despedimentos de varios empregados. O día 28 de decembro pasado foron chamados a unha reunión e optaron por unha mediación, esta negociación, que aínda continua aberta, baséase nunha redución dos despedimentos, o pago de indemnizacións, recolocación de traballadores ou no caso de que se produza unha baixa voluntaria diminuíríanse estes despedimentos.

O acordo tamén comporta que antes do 7 de xaneiro, Dornier pague aos traballadores 55 días de soldo e que o case catro meses de folga non se vexan repercutidos na paga de beneficios.



Os responsables de UGT neste conflito matizaron que as negociacións coa empresa continúan abertas e á espera do resultado do expediente sancionador que o Concello abriu contra Dornier o pasado mes de agosto.

Feliz
2019

130 UGT Desde 1888, a túa Forza Sindical

UGT Galicia

AVANZAR NA SENDA DO DIÁLOGO SOCIAL

Pepe Álvarez demanda cambios urxentes para rescatar ás persoas

Redacción. - A pesar de que a cidadanía volveu tomar as rúas en 2018 para reclamar os seus dereitos, apenas se materializaron acordos e verdadeiros avances no ámbito social e laboral, afirmou Pepe Álvarez nos dous últimos artigos do seu bloque "Valor Sindical".

No ámbito político, 2018 estivo marcado por unha moción de censura que dividiu o curso en dous semestres moi claros. O primeiro, baixo o Goberno de Mariano Rajoy, practicamente perdido para o Diálogo Social e no que o Partido Popular non deu marcha atrás ás súas políticas de recortes.

O segundo, baixo o mandato de Pedro Sánchez, que se mostrou aberto a reverter recortes e políticas de austeridade e que deu un impulso importante ao Diálogo Social con medidas como a subida do SMI a 900 euros ao mes por 14 pagas, o acordo alcanzado para mellorar a protección social dos autónomos, a nova Convocatoria para relanzar a Formación para o Emprego, o Plan de Choque polo emprego Novo a revalorización das pensións conforme ao IPC ou a subida do soldo aos funcionarios (un acordo que se pechou co Goberno anterior).

A situación require cambios urxentes

No económico, a economía creceu – nos tres últimos anos por encima do 3%– pero non houbo unha repartición equitativa da riqueza. Creceu o PIB e os beneficios das empresas aumentaron a niveis moi superiores aos de antes da crise, pero a recuperación non chegou ás familias traballadoras que seguen sen percibir unha mellora da súa calidade de vida.

Ademais, a precariedade laboral non deixou de avanzar e os salarios non subiron suficientemente polo que a desigualdade e a pobreza aumentaron de maneira drástica situando a España á cabeza de Europa. A protección social, os servizos públicos e, en definitiva, o Estado de Benestar non deixou de reducirse.

Aínda que mellorou o emprego en termos cuantitativos, o noso país segue tendo a segunda maior taxa de paro da UE (tras de Grecia), máis do dobre da media da zona. Hai máis de tres millóns de desempregados dos que a metade levan máis dun ano buscando emprego e 6 de cada 10 non cobra ningunha prestación.

É necesario actuar e o Goberno non pode seguir dilatando o Diálogo Social e



debe legislar en base aos consensos que se alcanzan nas mesas de negociación.

10 eixos para rescatar ás persoas

A situación do noso país require cambios urxentes porque as persoas non poden esperar máis.

1.- Emprego

É fundamental poñer en marcha un Plan de Choque polo Emprego que poña especial atención en colectivos con dificultades como as mulleres, os maiores de 52 anos, os parados de longa duración ou os mozos.

Ademais, sería necesario actuar sectorialmente para lograr un modelo produtivo que xere emprego de calidade e para iso hai que impulsar, entre outras cousas, un Pacto de Estado pola Industria, un Plan de Emprego polo Medio Ambiente, un Plan de Estado pola Rehabilitación e a Eficiencia Enerxética ou un Plan polo turismo e os servizos de calidade.

2.- Salarios

É imprescindible desenvolver o IV Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva que recollía subidas de ata un 3% e o aumento dos salarios mínimos en convenio ata polo menos 1000 euros ao mes con 14 pagas así como proseguir na consecución dun SMI de 1000 euros por 14 pagas e a revalorización do IPREM para que recupere o poder adquisitivo perdido.

3.- Contratación

É primordial derrogar a Reforma Laboral de 2012 e introducir cambios no noso mercado laboral como a obrigatoriedade do Rexistro Horario, reforzar unha Inspección laboral apoiada pola policía e resto de forzas de seguridade do estado, crear unha fiscalía especializada en dereitos laborais, recuperar a autorización administrativa pre-

via para a execución de ES ou as causas obxectivas en caso de despedimento anteriores á reforma de 2012 ou cruzar datos entre o SEPE, a Seguridade Social e a Axencia Tributaria.

4.- Sinistralidade Laboral

Hai que desenvolver instrumentos áxiles para prever a sinistralidade laboral como poñer en marcha un Plan de Choque contra a Sinistralidade, penalizar ás empresas que incumplan a lei impedindo ademais que poidan acceder a subvencións e axudas públicas, habilitar xulgados especializados ou prohibir a subcontratación en cadea.

5.- Políticas sociais

É necesario apoiar aos parados de longa duración maiores de 50 anos, mediante Plans de emprego para a reincorporación destas persoas ao mercado de traballo en condicións dignas e, cando isto non sexa posible, asegurar os seus ingresos e complementar as cotizacións sociais para a xubilación.

Ademais, é fundamental establecer unha Prestación de Ingresos Mínimos así como garantir o dereito a unha sanidade universal, facer máis alcanzable a vivenda ou garantir as oportunidades de acceso á Universidade: que ningún mozo deixe de cursar estudos universitarios por cuestións económicas.

6.- Reforzar o Estado de Benestar

Ninguén debe quedar excluído do sistema protección social, por iso é fundamental fortalecer o Sistema Público de Pensións, activar de forma plena a lei de Dependencia, asegurando a percepción de prestacións para as persoas beneficiarias e incrementando as súas contías ou aumentar e estender a duración e cobertura das prestacións por desemprego.

Segue na páxina seguinte .../...

7.- Igualdade

É prioritario alcanzar a igualdade real entre homes e mulleres adoptando medidas como unha Lei de Transparencia e Igualdade Salarial que equipare o valor do traballo realizado polas mulleres ao dos homes, establecendo retribucións económicas para os permisos para coidados familiares e abordando de maneira inmediata actuacións contundentes para erradicar a violencia machista como plans de igualdade e protocolos de acoso obrigatorios nas empresas.

8.- Transición enerxética xusta

A Lei de Cambio Climático e Transición enerxética debe ser unha oportunidade

para cambiar o noso modelo produtivo. Necesitamos unha economía baseada na industria de alto valor engadido, en sectores sustentables, onde se xere emprego decente e de calidade, un sistema enerxético eficiente e que fomente o uso das enerxías renovables a gran escala, a aprobación dun Plan Estratégico sobre Transición Xusta, na que deben intervir distintos ministerios (Medio Ambiente, Enerxía, Industria, Fomento, Economía e Emprego) e contar coa participación dos interlocutores sociais.

9.- Liberdades públicas

É necesario actuar para garantir as liberdades e os dereitos fundamentais e de cidadanía derogando a denominada Lei Mordaza ou o art. 315.3 do Código penal, que criminaliza facultades esenciais para exercer o dereito de folga.

10.- Conseguir un sistema tributario xusto

É necesario garantir unha maior suficiencia dos ingresos e unha repartición máis xusta do esforzo, facendo que paguen máis as rendas do capital, as grandes empresas e a acumulación de riqueza.

Para iso é fundamental dotar á Axencia Tributaria dos medios e agravar o réxime sancionador, facer que paguen o mesmo as rendas do traballo e as do capital no IRPF, seguir mellorando a tributación dos autónomos segundo os seus ingresos reais e revisar a maioría de reducións e deducións fiscais, establecer unha imposición real sobre a riqueza, deseñar unha fiscalidade ambiental que nos equipare a Europa ou poñer en marcha o imposto á banca e as transaccións financeiras así como impulsar a harmonización fiscal na UE, eliminando os paraísos fiscais.

O CRECEMENTO ECONÓMICO SOSTENSE NUN MODELO PRODUTIVO QUE APOSTA POLA PRECARIIDADE E OS BAIXOS SALARIOS



Redacción.- Os datos da Contabilidade Nacional do terceiro trimestre do ano mostran que o crecemento económico mantívose no período. Segundo o INE, o PIB creceu un 0,6% respecto do trimestre anterior e un 2,4% en termos anuais, unha décima por baixo que no segundo trimestre e que no avance publicado para este terceiro trimestre.

Tras a desaceleración que viña constatando desde o primeiro trimestre do ano, os datos de hoxe confirman a senda dun crecemento sostido.

Neste sentido, os datos do PIB son positivos, debido a que reflicten que o noso país mantén un razoable ritmo de crecemento económico, sete décimas por encima da media da zona euro (1,7%). Con todo, existen datos preocupantes, que deben servir para deseñar as actuacións correctas.

UGT demanda un modelo produtivo baseado en máis e mellor industria

Desde o punto de vista da oferta, o crecemento total mantense grazas á achega da construción (que mantén un elevado ritmo

de aumento do 7,1% anual) e os servizos (que aumentan ao 2,6%). Ambas as taxas por encima das rexistradas no mesmo trimestre de 2017.

Con todo, é moi preocupante o esborralle do crecemento das ramas industriais, que pasaron de crecer o 4% no terceiro trimestre de 2017 a tan só o 1,2% no terceiro deste ano. A industria é o sector que achega unha maior solidez produtiva a un país, e o que xera o emprego de maior calidade. Por iso é preciso implementar un Plan Estratégico para a Industria no noso país, que permita elevar a súa achega ao 20% do PIB (agora é do 16%).

Crecemento salarial insuficiente

Polo lado da demanda, o resultado mostra importantes puntos escuros. Aínda que o aumento do PIB mantense, empeoraron os seus compoñentes fundamentais. O consumo das familias volve moderarse, situándose nun 2,1% (medio punto por baixo que un ano atrás); o investimento, aínda que crece a bo ritmo (5,5%), perde forza (punto e medio no trimestre); a demanda nacional achega un 2,8%, mostrando unha desaceleración tanto das exportacións (que pasan de crecer un 5,4% no terceiro trimestre de 2017 ao 1,3%) como das importacións, cunha intensa caída na variación anual (do 7% ao 2,5%).

O emprego (medido en postos de traballo equivalentes a tempo completo) man-

tén a súa taxa anual de aumento no 2,5% (450.000 empregos máis), e a remuneración por asalariado aumenta un 1,1%. Un avance positivo, pero que non evita que os traballadores e as traballadoras sigan perdendo poder adquisitivo (a inflación media do ano sitúase no 1,7%), un resultado inaceptable para unha economía en expansión desde fai catro anos.

UGT seguirá defendendo que o crecemento económico chegue a todas as persoas, o que implica unha subida xeneralizada de rendas esenciais, como as pensións, as prestacións por desemprego, o reforzo do sistema de protección social (no seu conxunto) e dos servizos públicos.

A competitividade exterior segue centrada nos baixos custos laborais

Con todo, a senda sostida de crecemento móstrase dependente de sectores como a construción e o turismo, con escaso peso da actividade industrial. A competitividade exterior permanece centrada nuns baixos custos laborais (estratexia xa esgotada) e un emprego creado que é esencialmente precario (de aí o descenso da produtividade por traballador que se rexistra, do -0,1%, que no caso da produtividade-hora é do -0,5%).

Por todo iso, a duración da fase expansiva debe aproveitarse para implementar políticas adecuadas que favorezan a construción dun novo modelo de crecemento, máis equilibrado e sustentable, que aposte polos sectores e actividades que máis valor engadido e emprego de calidade xeran.

O ÚLTIMO CONSELLO DE MINISTROS DO ANO RECOLLE REIVINDICACIÓNS DE UGT, PERO O DIÁLOGO DEBE PROSEGUIR

MEDIDAS SOCIAIS IMPORTANTES, PERO INSUFICIENTES, PARA UNHA RECUPERACIÓN DIGNA

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores valora as medidas adoptadas hoxe polo último Consello de Ministros do ano, nun Real Decreto-Lei de medidas urxentes na orde social e tendentes a paliar a situación de moitas familias do noso país. Con todo, considera que estas medidas, aínda que importantes, son insuficientes e deixan fóra os aspectos esenciais que hai que eliminar da reforma laboral e a reforma de pensións.

Medidas sociais froito do diálogo social entre o Goberno e os interlocutores sociais, e froito tamén das mobilizacións que, convocadas tanto polos sindicatos como polos diversos actores sociais, están a asolagar as rúas do noso país durante os últimos anos, que non reflicten senón o malestar ante as políticas de austeridade e recorte aplicadas polo Partido Popular e a necesidade de activar os mecanismos necesarios para que as familias teñan unha recuperación digna.

A pesar diso, UGT reclama continuar profundando na negociación e o acordo para solucionar os problemas das persoas e acordar de maneira inmediata os temas aínda pendentes no diálogo social, que permitirá á poboación deste país encarar a senda do crecemento económico con plenas garantías.

Revalorización das pensións ao IPC anual

Algunha destas medidas supón a revalorización das pensións un 1,6% en base á inflación media entre decembro de 2017 e novembro de 2018, algo que UGT levaba reclamando desde que o Goberno do PP aprobouse a súa reforma de 2013 e cuxo criterio resulta máis beneficioso para os pensionistas, que xa non dependerán da variación dos prezos do petróleo ou a electricidade a final de ano para ver como aumenta ou diminúe a súa pensión.

Pero isto non resolve a revalorización para futuro, que debe estar vinculada ao IPC de maneira automática e de forma indefinida no tempo. Para o sindicato, hai que volver ao acordo de 2011 e derrogar a reforma de 2013 do Goberno do PP, que eliminou a revalorización automática das pensións e introduciu o factor de sustentabili-

dade, que de aquí a 2050 rebaixa a pensión un 30%.

O noso país está a crecer, e a riqueza ten que repartirse non só aos petos duns poucos, senón tamén aos salarios e as pensións, que veñen sufrindo as políticas de austeridade e recorte do anterior Goberno moitos anos, que provocou que ao redor do 40% dos pensionistas atópanse no limiar da pobreza, unha cifra inasumible.

Ademais, hai que asegurar a viabilidade futura do sistema de Seguridade Social, que non ten un problema de gasto, senón de ingresos. Gastamos menos que a media da eurozona. Hai que recadar máis, complementando as cotizacións sociais con impostos, destopando a pensión máxima, quitando gastos que non lle son propios ao sistema, eliminando as bonificacións á contratación, subindo os salarios e acabando coa fraude fiscal.

En contra do que consideran moitos, o noso país si pode pagar as pensións, aumentando o número de pensionistas en relación á actualidade, mantendo o poder adquisitivo e sen necesidade de recortes. Só é cuestión de vontade política.

Por iso, UGT insta o Goberno a ligar a subida das pensións ao IPC na Lei Xeral de Seguridade Social co fin de protexer aos nosos pensionistas e aumentar de maneira estrutural o poder adquisitivo dun dos colectivos máis vulnerables no noso país. Ademais, o sindicato esixe ao Executivo intensificar as negociacións na mesa de diálogo social para derrogar a reforma de 2013, tan lesiva para os nosos pensionistas presentes e futuros.

Multas para os contratos de moi curta duración

Outra das medidas supón encarecer un 40% a cotización dos contratos de cinco días ou menos, co fin de disuadir ás empresas de abusar dos contratos temporais, como veñen realizando durante os últimos anos grazas á reforma laboral de 2012.

UGT valora esta medida e reclama, ademais da derrogación da reforma laboral



de 2012, fonte do aumento da temporalidade e a precariedade do emprego, máis controis da Inspección nas empresas e administracións para estes contratos, sancionando o seu uso inxustificado. Ademais, o sindicato esixe unha xustificación previa para o uso desta modalidade contractual, a fixación de topes específicos ao encadenamiento dos mesmos e ampliar o ámbito de aplicación da recarga na cota aos contratos indefinidos de moi curta duración.

UGT considera tamén imprescindible regular o control horario nas empresas como unha das medidas fundamentais para loitar contra a fraude laboral.

Todo iso co obxectivo de desincentivar ás empresas para recorrer a este tipo de contratos e a aumentar os ingresos do sistema da Seguridade Social.

Sancións para o transvasamento irregular de asalariados en falsos autónomos

O Real Decreto-Lei tamén aproba unha infracción para sancionar o transvasamento irregular de traballadores asalariados ao réxime de autónomos, de tal forma que as empresas serán multadas por cada conversión a falso autónomo con entre 3.126 euros e 10.000 euros.

Para UGT, é unha boa noticia que se combata por fin o abuso das empresas sobre os falsos autónomos. Desta forma, establécense mecanismos de control e sanción para aquelas empresas que utilicen a figura do autónomo TRADE de forma fraudulenta e incumpren a lexislación laboral, así como o disposto no capítulo III do Estatuto do Traballo Autónomo.

Con todo, o sindicato reclama que esta multa afecte tamén as empresas que recorren aos falsos autónomos desde un inicio, como é o caso das plataformas dixitais que basean o seu modelo laboral na relación cos autónomos, ou dalgúns sectores que abusan dos falsos autónomos, como o transporte, os medios de comunicación, a arquitectura ou a avogacía.